

**GUÍA DOCENTE**

**LITERATURA GALEGA MEDIEVAL, 1**

**Curso académico 2008-2009**

**Departamento de Filoloxía Galega**

**Área de Filoloxías Galega e Portuguesa**

**Facultade de Filoloxía**

**Profesora Lydia Fontoira Suris**



## 1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

**Materia:** Literatura Galega Medieval, 1

**Código:** 651502

**Tipo de Materia, Ciclo e Curso no que se imparte:** Materia troncal de 2º ciclo, 5º curso da Licenciatura de Filoloxía Galega

**Número de créditos:** 6 (4,5 teóricos; 1,5 prácticos)

**Duración:** Primeiro cuadrimestre

**Idioma no que se imparten as clases:** galego

**Materias incluídas:** Literatura da Primeira/Segunda Lingua Románica: Galego. Código 701409. Materia troncal, 2º ciclo, 4º e 5º cursos da Licenciatura en Filoloxía Románica. Esta materia ten 12 créditos (9 teóricos, 3 prácticos) e carácter anual. Os seis créditos iniciais corresponden á Literatura Galega Medieval, 1.

Co mesmo código 651502 esta materia é optativa específica de 1º e 2º ciclo na Licenciatura en Filoloxía Portuguesa.

**Profesora:** Lydia Fontoira Suris

**Horario de titorías:** Luns e martes, de 10:00 a 13:00

**Lugar:** Despacho 108. Facultade de Filoloxía

**Teléfono:** 981563100, extensión 11788

**Enderezo electrónico:** [lydia.fontoira@usc.es](mailto:lydia.fontoira@usc.es)

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN DA MATERIA NO PLANO DE ESTUDOS

### I. Bloque formativo no que se encadra a materia

Esta materia encádrase no conxunto das adicadas ao estudo da literatura galega e da literatura portuguesa, pois de ambas forma parte sustancial e intrínseca. Mais é tamén indudable que mantén relación estreita coas materias que estudan a lingua daquela etapa, e tamén con outras disciplinas que estudan desde outros puntos de vista aquel momento histórico.

### II. Papel que xoga a materia no Plano de Estudos. Aportación a outras materias

A pesar de que nesta materia se estuda o momento auroral da nosa literatura, desenvólvese en 5º curso, na etapa final dos estudos da Licenciatura. A necesidade de romper a liña diacrónica que se segue no resto das materias de historia literaria vén de que se considera necesario que o alumno desenvolva previamente unhas destrezas e adquira uns coñecementos que lle faciliten o achegamento ao mundo medieval. A lectura e comentario de textos escritos no rexistro medieval da lingua supón un certo grao de dificultade, por iso os alumnos preparan desde 3º curso da Licenciatura materias de *Gramática Histórica*, *Historia da Lingua* e *Historia Externa da Lingua Galega*, que os capacitan e lles facilitan os traballos deste momento. Tamén se considera positiva a maduración do alumno para o estudo dun feito literario que tivo lugar nunhas coordenadas diferentes das que caracterizan a vida actual, o que supón un esforzo de comprensión dunha situación e dun pensamento diferente do vivido. De feito, o 5º curso adícase maioritariamente a materias de medieval.

A *Literatura Galega Medieval, 1* garda, naturalmente, unha estreita relación coa *Literatura Galega Medieval, 2* (5º curso, 2º cuatrimestre). De feito, ambas materias presentan unha temática única, a literatura medieval galego-portuguesa, que vai secuenciando os seus contidos ao longo do curso académico, aínda que legalmente escindidas en dúas materias cuatrimestrais.

### III. Interese da materia para a futura profesión

A literatura medieval é unha etapa especialmente brillante e relevante da nosa creación literaria, que nace cunha forza espectacular que vai provocar a instauración da súa lingua de expresión e da súa estética en grande parte do territorio peninsular onde a lírica inicial se desenvolverá en galego. Consideramos, pois, que a formación do alumno en relación coas creacións literarias medievais ten un valor en si mesmo dentro da súa formación como profesional.

A isto debemos engadir o fomento do hábito de lectura, a capacidade crítica e os diversos valores formativos que o seu estudo debe fornecer e desenvolver no alumno, e que o capacitarán mellor para calquera realización profesional en relación cos seus estudos.

### **3. OBXECTIVOS DA MATERIA**

- Introducción aos estudos literarios do medievo con especial referencia ás relacións que se establecen con outros ámbitos de creación literaria, nomeadamente a lírica trobadoresca provenzal. Coñecemento dos movementos e feitos literarios da etapa estudada, das súas orixes e caracterización.
- Discusión e análise da creación prosística de carácter literario desta etapa medieval, e as especiais circunstancias da súa produción.
- Análise da poesía de temática relixiosa e as súas relacións coa lírica profana.
- Adquisición de coñecementos de codicología mediante o estudo dos manuscritos que nos transmitiron os textos medievais, e da súa xénese.
- Estudo das posibles etapas creadoras da lírica profana, con especial referencia aos ámbitos cronolóxico, xeográfico e socio-literario desta produción.
- Adquisición dos coñecementos técnicos e do vocabulario correspondente para a realización de comentarios literarios de textos medievais.

## 4. COMPETENCIAS

Dado que coas competencias pretendemos a capacitación en aspectos tanto do perfil dos estudos como no dominio dalgunha capacidade xenérica propia dunha actividade intelectual, e dado que para levar adiante esas destrezas debemos desenvolver actividades nas que estas se concreten, traballaremos especialmente as seguintes:

- Favorecemento da **comunicación verbal** (*competencia xeral instrumental*) mediante a exposición oral dun traballo e a participación activa na parte práctica das clases onde se desenvolven comentarios de textos e lecturas dirixidas. Esta actividade debe fomentar, así mesmo, o desenvolvemento da **comunicación interpersoal** (*competencia xeral interpersoal*) e debe servir de **estimulación intelectual** (*competencia xeral sistémica*) coa que se practicará a capacidade crítica e de argumentación e defensa de opinións, e servirá tamén de **automotivación para o estudo** (*competencia xeral interpersoal*).
- Favorecemento da **expresión escrita** (*competencia xeral instrumental*) mediante a realización de traballos que se poderán desenvolver individualmente ou en grupo, e que servirán tamén para a potenciación das competencias citadas na actividade anterior.

## 5. CONTIDOS DA MATERIA

### Descritor

Estudo histórico e filolóxico da etapa medieval da literatura galega

### Diagrama



### Temario

1. Introducción aos estudos de literatura medieval. Historia e literatura
2. Prosa medieval
3. *Cantigas de Santa Maria*
4. A tradición manuscrita
5. A civilización trobadoresca
6. Periodización da lírica galego-portuguesa

### Lecturas obrigatorias

#### Prosa

Lorenzo, Ramón (ed. lit.), *Crónica troiana. Introducción e texto*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985.

#### Poesía relixiosa

Montoya, Jesús (ed. lit.), *Alfonso X el Sabio, Cantigas*, Madrid, Cátedra, 1988.

No diagrama marcamos mediante separacións os bloques en que se poden agrupar os temas. Tamén indicamos esquematicamente a maior ou menor importancia relativa de cada tema, dependente ben do seu propio contido, ben da súa novidade no currículo dos estudantes:

I: Introducción

II. O estudo de textos:

*Cronica troiana*

*Cantigas de Santa Maria*

III. O ingreso no coñecemento da lírica profana:

Estudo da tradición manuscrita da lírica trobadoresca galego-portuguesa

A lírica provenzal como base do noso lirismo

Periodización da creación lírica galego-portuguesa

Recoméndase o rápido inicio da lectura dos textos obrigatorios por seren obras longas e por requeren dun esforzo suplementario por tratarse de textos medievais, con lingua, estilo e temática propios da súa época.

**Bibliografía xeral**

**Dicionarios e enciclopedias**

*Biblos. Enciclopedia VERBO das Literaturas de Língua Portuguesa*, Lisboa/SãoPaulo, Verbo, 1995-

Brea, M. (coord.), *Galicia. Literatura. A Idade Media*, A Coruña, Hércules, 2000. (Proxecto Galicia, tomo XXX).

Lanciani, G. e G. Tavani (coord.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993.

**Recursos en rede**

Bibliografía: <http://griso.cti.unav.es/medieval/principal.html>

Bibliografía de textos antigos galegos e portugueses:

<http://sunsite.berkeley.edu/PhiloBiblon/phhmbp.html>

Corpus lírico profano: <http://www.cirp.es/WXN/wxn/homes/meddb.html>

The Oxford *Cantigas de Santa Maria* Database: <http://csm.mml.ox.ac.uk/?p=intro>

**Repertorios bibliográficos**

*Boletín bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, Barcelona, AHLM, 1987-...

Pellegrini, S. e G. Marroni, *Nuovo repertorio bibliografico della prima lirica gallego-portoghese (1814-1977)*, L'Aquila, Japadre Editore, 1981.

**Estudos**

Betti, Maria Pia, *Repertorio metrico delle "Cantigas de Santa Maria" di Alfonso X di Castiglia*, Ospedaletto (Pisa), Pacini, 2005.

Fidalgo, Elvira (coord.), *As Cantigas de Loor de Santa María (edición e comentario)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CRPIH, 2004.

Fidalgo, Elvira, *As Cantigas de Santa Maria*, Vigo, Xerais, 2002.

Filgueira Valverde, J., "Lírica medieval gallega y portuguesa", en *Historia general de las literaturas hispánicas*, I, Barcelona, Barna, 1949.

Gutiérrez García, S. e P. Lorenzo Gradín, *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media*, Santiago de Compostela, Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 2001.

Heur, Jean Marie d', *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII-XIV siècles). Contribution à l'étude du Corpus des troubadours*. Liège, Université de Liège, 1975.

Lapa, Manuel Rodrigues, *Lições de literatura portuguesa. Época medieval*, Coimbra, Coimbra Editora, 1981 (10ª ed.).

Michaëlis de Vasconcelos, Carolina, *Cancioneiro da Ajuda*, Halle, Max Niemeyer, 1904 (Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990).

Montoya Martínez, J., *O cancionero marial de Afonso X, o Sabio*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, 1991.

Oliveira, António Resende de, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneros peninsulares e as recolhas dos sécs. XIII e XIV*, Lisboa, Colibri, 1994.

Oliveira, António Resende de, *Trobadores e xogares. Contexto histórico*, Vigo, Xerais, 1995.

Pena, Xosé Ramón, *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002.

Pimpão, A.J. da Costa, *História da literatura portuguesa. I. Idade Média*, Coimbra, Edições Quadrante, 1959 (2ª ed.).

Tavani, Giuseppe, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986.

Tavani, Giuseppe, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma, Edizioni dell'Ateneo, 1967.

Vázquez Cuesta, Pilar, "Literatura gallega", en *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, Madrid, Taurus, 1980.

### **Escolmas**

Alvar, C. e V. Beltrán, *Antología de la poesía gallego-portuguesa*, Madrid, Alhambra, 1985.

Arias Freixedo, X.B., *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*, Vigo, Xerais, 2003.

Departamento de Filoloxía Galega, *Prosa galega, 3. Da época trovadoresca ao neoclasicismo*, Vigo, Galaxia, 1980.

Gonçalves, E. e M.A. Ramos, *A lírica galego-portuguesa. Textos escolhidos*, Lisboa, Comunicação, 1983.

Montoya, J., *Alfonso X, el Sabio, Cantigas*, Madrid, Cátedra, 1988.

### **Textos líricos**

Brea, Mercedes (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996.

Mettmann, Walter, *Cantigas de Santa Maria de Alfonso X o Sabio*, (4 vols.), Coimbra, Universidade, 1959, 1961, 1964, 1972.

Mettmann, Walter, *Cantigas de Santa Maria de Alfonso X, o Sabio*, (2 vols.), Vigo, Xerais, 1986.

Mettmann, Walter, *Alfonso X, el Sabio, Cantigas de Santa Maria*, (3 vols.), Madrid, Castalia, 1986, 1988, 1989.

Polín, Ricardo, *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*, A Coruña, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 1997.

### **Prosa**

Carro García, J. (ed. lit.), *Coronica de Santa Maria de Iria. (Códice gallego del siglo XV)*, Santiago de Compostela, CSIC, Instituto P. Sarmiento de Estudos Gallegos, 1951.

Lorenzo Gradín, P. e J.A. Souto Cabo (coord.), *Livro de Tristan e Livro de Merlin*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2001.

Lorenzo, Ramón (ed.lit.), *Crónica Troiana. Introducción e texto*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985.

Lorenzo, Ramón (ed. lit.), *La traducción gallega de la Cronica General y de la Cronica de Castilla*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, 2 vols., 1975, 1977.

Lorenzo Vázquez, Ramón (ed. lit.), *Mjragres de Santiago, Milagres de Santiago, Milagros de Santiago*, Valencia, Scriptorium Ediciones Limitadas, 2 vols., 2004.

Martínez López, Ramón (ed. lit.), *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV*. Oviedo, Universidad, 1963.

Parker, Kelvin (ed. lit.), *Historia Troyana*, Santiago de Compostela, CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1975.

Pensado, José Luis (ed. lit.), *Fragmento de un "Livro de Tristan" galaico-portugués*, Santiago de Compostela, CSIC, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, 1962.

Pensado, José Luis (ed. lit.), *Miragres de Santiago*, Madrid, CSIC, 1958.

Pensado Tomé, J.L. (ed. lit.), *Tratado de albeitaria. Introducción, transcripción e glosario. Edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CRPIH, 2004.

Souto Cabo, J.A. (ed. lit.), *Rui Vasques. Crónica de Santa Maria de Íria*, Santiago, Cabido da S.A.M.I. Catedral, Seminario de Estudos Galegos, 2001.

<b>Tema 1: Introducción aos estudos de literatura medieval. Historia e literatura</b>
---

### **Introdución**

Preténdese con este tema situar ao alumno no contexto xeral socio-político que creou a literatura a estudar e facer unha panorámica desa creación, para ter unha visión xeral antes de pasar a analizar aspectos concretos en cada tema.

### **Epígrafes**

I. Situación histórico-política da península Ibérica no século XIII  
Especial achegamento histórico a Portugal e a Galicia

II. Introducción á literatura galego-portuguesa

- Da poesía popular en latín á poesía en romance
- A especial situación de Galicia
- A influencia provenzal
- O arco temporal
- O corpus
- Os cancioneros e outros manuscritos
- Os xéneros líricos profanos
- A lírica de temática relixiosa
- A prosa

### **Bibliografía**

Tavani, G., *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986.

Pallares, M.C. e E. Portela, *Galicia na época medieval*, A Coruña, Hércules, 1991.  
(Proxecto Galicia, tomo II).

Villares, R., *Historia de Galicia*, Vigo, Galaxia, 2004.

<b>Tema 2. Prosa medieval</b>
-------------------------------

**Introdución**

Estudo das creacións en prosa medieval galega, procurando dar unha visión integradora na cultura europea do momento.

**Epígrafes**

I. Reflexións sobre as circunstancias de creación e o corpus que integra a nosa prosa galega medieval. Diferentes visións

II. A produción prosística

- Os textos de carácter xurídico
- A historiografía
- Os textos didácticos
- A novelística
  - A Materia de Grecia
  - A Materia de Francia
  - A Materia de Bretaña

**Actividades**

No inicio do tema o alumno deberá ler un artigo no que se reflexiona sobre o período medieval. Sobre el traballárase de forma oral ou escrita. Con esta actividade e coas que figuran nos seguintes temas, pretendemos que o alumno practique as competencias de “Comunicación verbal” e “Expresión escrita” que nos propuxemos traballar nesta materia, como xa vimos con anterioridade na guía. Non repetiremos expresamente esta intencionalidade nas próximas ocasións.

A este tema corresponde unha das obras de lectura obrigatoria, a *Cronica troiana*, en edición crítica preparada polo profesor Ramón Lorenzo Vázquez, por ser esta edición a máis depurada.

Sobre esta obra, e para propiciar a súa lectura, versarán os traballos que o alumno deberá desenvolver en versión oral e escrita, e aos que se alude noutros apartados desta guía. O profesor presentará en clase diversas posibilidades temáticas para que o alumno escolla.

Acompañando as explicacións do profesor, faranse tamén lecturas comentadas de diversos textos analizados en clase.

Con este tema comezan as clases prácticas de comentario de textos que se centrarán fundamentalmente en textos líricos de temática relixiosa ou profana ás veces, dos que aprenderemos a recoñecer e analizar contidos, estrutura e forma con toda a súa riqueza

retórica. Como se pode comprobar no calendario da guía, estas clases durarán ata o remate da materia.

### **Bibliografía**

Lorenzo, Ramón, “Prosa medieval”, en *Galicia. Literatura. A Idade Media*, A Coruña, Hércules, 2000 , 365-429. (Proxecto Galicia, tomo XXX).

Pena, Xosé Ramón, *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002. (Capítulos 13, 14 e 15).

Gutiérrez García, Santiago, “Consideracións sobre o período medieval na historiografía literaria galega”, en *Boletín Galego de Literatura*, 31, 2004, 29-47.

**Tema 3. *Cantigas de Santa Maria*****Introdución**

Análise desta importante creación da nosa lírica medieval. Procuraremos que o alumno comprenda e aprecie o valor intrínseco desta obra, a súa riqueza manifestada en diferentes artes -poética, musical, pictórica- e o seu interese tamén para outro tipo de estudos, non só os literarios.

**Epígrafes**

I. Situación da obra no seu contexto. Relación coa lírica profana trobadoresca

II. A figura de Afonso X, o Sabio

III. Noticia dos códices privativos desta obra

IV. Edicións

V. Análise das *Cantigas de Santa Maria*

- As CSM no contexto mariano europeo
- As cantigas de milagres e as cantigas de loor
- Fontes
- Estrutura
- A autoría
- Etapas de elaboración
- A versificación
- A lingua

**Actividades**

A este tema corresponde a obra de lectura obrigatoria: Jesús Montoya (ed. lit.) *Alfonso X el Sabio, Cantigas*, Madrid, Cátedra, 1988.

A maioría dos comentarios de textos das clases prácticas serán sobre estas cantigas de temática relixiosa en gabanza da Virxe María.

Os alumnos deberán ler un artigo introdutorio que o profesor lles entregará para que fagan un resumo ou traballen oralmente sobre el nas aulas.

**Bibliografía**

Alfonso X, el Sabio, *Cantigas de Santa María*. Edición, introducción y notas de Walter Mettmann, (3 vols.), Madrid, Castalia, 1986, 1988, 1989.

Brea, Mercedes, “*As Cantigas de Santa Maria*”, en *Galicia. Literatura. Idade Media*, A Coruña, Hércules, 2000, 318-361. (Proxecto Galicia, tomo XXX).

Fidalgo, Elvira (coord), *As Cantigas de Loo de Santa María (edición e comentario)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CRPIH, 2004.

Fidalgo, Elvira, *As Cantigas de Santa Maria*, Vigo, Xerais, 2002.

The Oxford *Cantigas de Santa Maria* Database.

<b>Tema 4. A tradición manuscrita</b>
---------------------------------------

**Introdución**

Introdución ao estudo da Codicología, ciencia estreitamente relacionada cos estudos literarios, aos que axuda frecuentemente na resolución de problemas, a través da análise minuciosa dos manuscritos que nos conservaron os textos medievais que así pasaron de ser considerados simples depósitos de obras, a seren obxectos de investigación en si mesmos.

Con este tema pretendemos introducir ao alumno nestes estudos, sabendo que, necesariamente, quedaremos moi lonxe de esgotar o tema, que debería completarse en estudos de posgrao ou ben de forma persoal no futuro.

Achegarémonos aos códices e manuscritos breves que nos transmitiron a nosa lírica profana. Entramos, pois, no terceiro e último bloque temático da materia, aquel que nos prepara para unha correcta asimilación da riqueza da creación lírica profana que se estudará na materia “Literatura Galega Medieval, 2”, no segundo cuadrimestre do curso.

**Epígrafes**

## I. O estudo dos grandes cancioneiros

- Cancioneiro da Ajuda
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa
- Cancioneiro da Biblioteca Vaticana
- Cancioneiro da Bancroft Library

## II. Os manuscritos breves

- Tavola colocciana
- Pergamiño Vindel
- Manuscrito de Madrid da tenzón entre D. Afonso Sánchez e Vasco Martins de Resende
- Manuscrito do Porto da mesma tenzón
- Manuscrito dos cinco lais de Bretaña
- Pergamiño Sharrer

## III. A xénese da tradición manuscrita. Diferentes teorías

**Actividades**

Ao remate do tema teremos unha clase práctica na sala de investigadores da biblioteca da Facultade para poder observar as edicións facsimilares das obras da nosa literatura medieval –poesía e prosa- nela conservadas, e así poder constatar na práctica os

coñecementos teóricos adquiridos. Cremos de grande axuda para a asimilación do tema esta práctica.

Seguimos coas clases prácticas de comentario de textos.

### **Bibliografía**

Lanciani, G. e G. Tavani (coord.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993.

Oliveira, António Resende de, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos sécs. XIII e XIV*, Lisboa, Colibri, 1994.

Tavani, Giuseppe, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986.

**Tema 5. A civilización trobadoresca****Introdución**

Na lírica trobadoresca provenzal está a orixe dos demais trobadorismos europeos, entre eles o noso. Para poder analizar e comprender en profundidade a lírica medieval galego-portuguesa debemos coñecer ben aquela da cal deriva en parte. Para podermos apreciar ben a nosa lírica, debemos coñecer o que nela hai de creación propia e o que nos chegou por herdo e como e con que intensidade se produce ese trasvase, cales son os elementos que se manteñen e cales evolucionan por ser produto dunha sociedade e dun tempo diferentes.

**Epígrafes**

I. A área creadora

II. Os estilos literarios

III. Os xéneros líricos

- Xéneros caracterizados polo contido
- Xéneros caracterizados pola versificación
- Os xéneros dialogados
- A forma dos poemas
- Comparación coas creacións galego-portuguesas

**Actividades**

Consulta de mapas. Lectura e comentarios de textos líricos provenzais.

Os alumnos lerán para posteriores actividades en clase un traballo de divulgación sobre a lírica provenzal.

**Bibliografía**

*Poesía de Trovadores, Trouvères, Minnesinger (De principios del siglo XII a fines del siglo XIII)*. Versión española y antología de Carlos Alvar. Edición bilingüe. Madrid, Alianza Editorial, 1999 (5ª ed.).

Riquer, Martín de , *Los trovadores. Historia literaria y textos*, 3 vols. Barcelona, Ariel, 1992 (3ª ed.).

## Tema 6. Periodización da lírica galego-portuguesa

### Introdución

Trátase de situar tanto histórica, como social, como xeograficamente a produción lírica medieval galego-portuguesa; de ver os diferentes tipos de cultivadores que había e o ámbito social en que se desenvolvían. Veremos tamén as cortes poéticas en que esta poesía se produciu e a posibilidade de establecer períodos xeracionais nos trobadores.

### Epígrafes

I. Ámbito social

II. Ámbito cronolóxico

III. Periodización

### Actividades

Os alumnos lerán un capítulo dun libro relacionado co tema para posteriores actuacións en clase.

### Bibliografía

Heur, Jean Marie d', *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII-XIV siècles). Contribution à l'étude du Corpus des troubadours*, Liège, Université de Liège, 1975. Capítulo V.

Pena, X.R., *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Barcelona, Sotelo Blanco, 2002. Capítulos 2, 3 e 11.

Tavani, G., *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986. Capítulo IV.

Vázquez Cuesta, Pilar, "Literatura gallega", en J.M. Díez Borque (coord.), *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, Madrid, Taurus, 1980, pp. 630-635 e 677-687.

## 6. METODOLOXÍA

A distribución oficial dos créditos desta materia en 4,5 teóricos e 1,5 prácticos explica, en parte, a metodoloxía que aplicaremos ao longo do curso.

Teremos, pois, clases de desenvolvemento teórico dos temas e clases de tipo práctico. Os temas non ocupan o mesmo tempo de desenvolvemento pois este depende da súa amplitude e, sobre todo, da súa importancia relativa.

As prácticas coincidirán sempre no horario con sesións que no calendario da Facultade teñen asignadas dúas horas seguidas de duración, para que este tempo resulte máis atractivo e variado. Estas prácticas revestirán diversas modalidades, pero incidirán, sobre todo, no comentario de textos, do que se aprenderá sistematización, conceptos e vocabulario. Centraranse, esencialmente, nos temas que esixen maior contacto co texto literario. Tamén se farán lecturas guiadas de textos. Noutros casos os tipos de prácticas serán menos frecuentes, como audicións de música das nosas cantigas medievais ou acercamento ás edicións facsímiles dos manuscritos.

Con frecuencia no inicio de cada tema a profesora entregará un pequeno estudo relacionado co mesmo, que os alumnos deberán ler para poder participar no seu debate na aula, se parece pertinente, ou traballar algún aspecto del por escrito.

Forma parte da carga de traballo do alumno a lectura de obras literarias relacionadas co programa da materia. A lectura é actualmente, en xeral, un acto individual. Pero ao profesor interésalle non só o aproveitamento individual do alumno, senón tamén a demostración ante a colectividade das destrezas adquiridas, posto que nas competencias que se considera importante desenvolver nesta materia está non só o dominio da expresión escrita (individual) senón tamén a expresión oral (paso do individual ao colectivo). O futuro da profesión desenvolverase en grande parte ante a colectividade, por iso as lecturas deberán dar lugar, obrigatoriamente, a un traballo que será presentado por escrito, pero tamén oralmente ante o conxunto dos demais alumnos. Estas presentacións irán seguidas dun debate pois todos os alumnos deben coñecer a materia. Cremos que este método servirá de incentivo e de apoio para o alumno nas súas lecturas de textos medievais.

Polo que respecta ás titorías, o profesor estará disponible durante 6 horas semanais para que o alumno poida consultarlle dúbidas ou incidencias diversas relacionadas co seu traballo non presencial, ben de estudo dos aspectos teórico-prácticos, ben de desenvolvemento dos traballos. Non se considera necesario establecer un calendario de titorías personalizadas pois se fía na responsabilidade dos alumnos para o desenvolvemento do seu estudo. Esta posibilidade de titorías presenciais non impide comunicacións asincrónicas a través do correo electrónico.

Como é natural, todas as actividades do curso desenvolveranse en galego.

## 7. DISTRIBUCIÓN DA CARGA DE TRABALLO (ECTS) CALENDARIO

A *Literatura galega medieval, I* é unha materia de 6 créditos cunha distribución de 4,5 teóricos e 1,5 prácticos, equivalentes no sistema ECTS a 150 horas de traballo do alumno pois calcúlase 25 horas por crédito.

Os créditos concréntanse nunha distribución horaria de 45 horas presenciais entre horas de explicación teórica e horas de práctica, e 30 horas de traballo persoal do alumno, dirixido pola profesora. A estas 75 horas debemos engadirle outras 75 de traballo autónomo do alumno para acadar o mellor coñecemento da materia.

As 45 horas presenciais terán unha distribución de 34 horas teóricas de desenvolvemento do programa; e 11 prácticas, dedicadas 7 a comentario de textos, lecturas dirixidas e audición de cantigas, 3 a exposición oral de traballos en clase e 1 hora de prácticas con edicións facsímiles de manuscritos que se desenvolverá na Sala de Investigadores da Biblioteca da Facultade. As 30 horas de actividade dirixida adicaranse á lectura das obras propostas no programa que se reflectirán en traballos que se presentarán oralmente na aula, e tamén por escrito. As 75 horas de traballo autónomo do alumno dedicaranse, libremente, ao estudo da materia, consulta da bibliografía recomendada para maior dominio da mesma, e a preparación de exames.

ACTIVIDADES	HORAS PRESENCIAIS	TRABALLO DIRIXIDO	TRABALLO AUTÓNOMO
Clases teóricas	34		(factor 1,5) 51
Clases prácticas	7		(factor 1,5) 10,5
Presentacións orais de traballos sobre lecturas	3	30	
Clase práctica en Biblioteca	1		
Actividades libres en relación coa materia			13,5
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>30</b>	<b>75</b>

Da adaptación desta situación ao próximo curso 2008-2009 resulta o seguinte

## CALENDARIO

### **Outubro:**

1 (2 horas). Presentación do programa, bibliografía e actividades a desenvolver

6 (1 hora). Tema 1: **Introdución aos estudos de literatura medieval. Historia e literatura**

8 (2 horas). Tema 1

13 (1 hora). Tema 2: **Prosa medieval**

15 (2 horas). Tema 2

20 (1 hora). Tema 2

22 (2 horas). Tema 2/ Práctica

27 (1 hora). Tema 2

29 (2 horas). Tema 2/ Práctica

### **Novembro:**

3 (1 hora). Tema 3: ***Cantigas de Santa Maria***

5 (2 horas). Tema 3/ Práctica

10 (1 hora). Tema 3

12 (2 horas). Tema 3/ Práctica

17 (1 hora). Tema 4: **A tradición manuscrita**

19 (2 horas). Tema 4/ Práctica

24 (1 hora). Tema 4

26 (2 horas). Tema 4

**Decembro:**

1 (1 hora). Clase práctica manuscritos

3 (2 horas). Tema 4  
Data límite de entrega de traballos

10 (2 horas). Tema 5: **A civilización trobadoresca**

15 (1 hora). Tema 5

17 (2 horas). Tema 5/ Práctica. Audición de cantigas medievals

**Xaneiro 2009:**

12 (1 hora). Tema 6: **Periodización da lírica galego-portuguesa**

14 (2 horas). Exposición oral de traballos

19 (1 hora). Exposición oral de traballos

21 (2 horas). Tema 6

26 (1 hora). Tema 6

## 8. AVALIACIÓN

### **Consideracións xerais**

A formación na materia e nas competencias, o traballo, a madurez xeral do alumno serán avaliados polo profesor mediante a consideración de tres aspectos:

- Asistencia e participación nas aulas
- Correcta realización dun traballo escrito e presentación oral do mesmo
- Exame final

### **Aspectos que se terán en conta e criterios que se empregarán para os valorar**

Xa que a asistencia é un elemento para ter en conta na avaliación, ésta será controlada, sendo imprescindible para unha consideración positiva deste aspecto un 90% de asistencia, o que quere dicir que non se debe faltar ás aulas -salvo situacións excepcionais- máis de catro horas.

Valorarase tamén a participación activa, preparando as tarefas que o profesor indique e intervindo nas actividades prácticas das clases.

O alumno deberá desenvolver un traballo individual baseado nalgunha das obras de lectura obrigatorias do programa. Deberá presentarse en versión escrita e será tamén exposto ante a colectividade do curso de modo oral, para establecer un elemento máis de práctica das competencias específicas da materia: comunicación verbal e expresión escrita. Tamén se pretende que a realización destes traballos sexa un elemento de incitación, reforzo, apoio e interese para a lectura das obras medievais –verso e prosa- que se piden no programa. O alumno debe lembrar que a lectura de obras literarias e de textos críticos, de investigación ou historiográficos é un elemento imprescindible na súa formación, e debe adquirir -se non o ten xa- un hábito de lectura crítica que perdurará toda a vida.

Valorarase nestes traballos a estrutura, a capacidade de relación e a claridade no manexo de conceptos, a correcta expresión, o adecuado uso das fontes bibliográficas e unha boa presentación.

Os alumnos deben utilizar voluntariamente o horario de titorías para ir resolvendo as dúbidas e problemas que poidan aparecer na preparación de ambas vertentes do traballo ou cuestións relacionadas coas actividades desenvoltas nas aulas.

A presentación destes traballos é obrigatoria para todos os alumnos.

O exame final, de realización obrigatoria, terá lugar na data marcada oficialmente pola facultade, e versará sobre os diferentes temas das clases teóricas e a aplicación dos coñecementos adquiridos nos comentarios de textos e demais clases prácticas.

Para o establecemento dunha cualificación final positiva da actividade do alumno é imprescindible aprobar tanto o traballo como o exame final.

### Convocatoria de setembro

A avaliación positiva dos traballos gardaráselles, para a convocatoria de setembro, a aqueles alumnos que non consigan superar a materia na convocatoria ordinaria de febreiro.

Os alumnos que acodan directamente ao exame da convocatoria de setembro sen ter participación activa previa durante o curso deberán entregar obrigatoriamente o traballo escrito para seren avaliados. No mesmo caso están aqueles alumnos que non obtiveran avaliación positiva no mesmo.

A presentación exclusiva nesta convocatoria supón a perda do % correspondente a asistencia e participación e a exposición oral, dado que eses aspectos son irrecuperables.

### Cadro resumo da avaliación e % atribuído a cada actividade

ASPECTO	CRITERIOS	INSTRUMENTO	PESO
<b>Asistencia e participación</b>	Asistencia e Participación nas actividades propostas	Observación e notas do profesor	20%
<b>Conceptos da materia</b>	Dominio dos coñecementos teóricos e prácticos do programa	Exame final teórico-práctico	50%
<b>Realización de traballos</b>	Entrega puntual de traballos correctamente elaborados	Un traballo individual, escrito: 20% Exposición oral: 10%	30%

### Recomendacións do profesor

A materia é ampla de contidos, así que a recomendación esencial é que o alumno realice un traballo diario de lecturas e de estudo da temática, para poder levar adiante o curso con orde e aproveitamento.

<b>ÍNDICE</b>
---------------

	Páxinas
<b>1. Datos descritivos da materia</b> .....	3
1.1. A materia.....	3
1.2. A profesora.....	3
<b>2. Contextualización da materia no plano de estudos</b> .....	4
2.1. Bloque formativo no que se encadra.....	4
2.2. Papel que xoga no plano de estudos. Aportación a outras materias...	4
2.3. Interese da materia para a futura profesión.....	4
<b>3. Obxectivos da materia</b> .....	5
<b>4. Competencias</b> .....	6
<b>5. Contidos da materia</b> .....	7
5.1. Descritor.....	7
5.2. Diagrama.....	7
5.3. Temario.....	7
5.4. Lecturas obrigatorias.....	7
5.5. Bibliografía xeral.....	8
5.6. Tema 1: Introducción aos estudos de literatura medieval.	
Historia e literatura.....	12
5.7. Tema 2: Prosa medieval.....	13
5.8. Tema 3: <i>Cantigas de Santa Maria</i> .....	15
5.9. Tema 4: A tradición manuscrita.....	17
5.10. Tema 5: A civilización trobadoresca.....	19
5.11. Tema 6. Periodización da lírica galego-portuguesa.....	20
<b>6. Metodoloxía</b> .....	21
<b>7. Distribución da carga de traballo (ECTS)</b> .....	22
<b>Calendario</b> .....	23
<b>8. Avaliación</b> .....	25
8.1. Consideracións xerais.....	25
8.2. Aspectos que se terán en conta e criterios para os valorar.....	25
8.3. Convocatoria de setembro.....	26
8.4. Cadro resumo.....	26
8.5. Recomendacións do profesor.....	26